


Obradoiro

As
transformacións
do
discurso
político
logo
das
revoltas
globais



Proxecto Derriba

Proxecto Derriba quiere ser una comunidade singular. Singular porque toma o seus pulos dun aquí e dun agora concretos, malia que sente a necesidade de abrirse a todo aquilo que poida acontecer noutros lugares e contextos. Comuniade acéfala porque se forma polo conxunto de aqueles que comparten a non pertenza, porque a súa obra é a desobra.

Alén das súas actividades específicas no eido do pensamento contemporáneo, vinculadas principalmente á filosofía, ás prácticas artísticas e contraculturais, interesase en xeral polos movementos sociais emancipatorios. A través da súa práctica teórica pretende ser unha malla de xente traballando dende Galiza como mediadora entre os diversos contextos e axentes sociais . Considera que as vangardas sempre o son dende un punto de vista experimental e non cre nas elites culturais nin na xenialidade do creador como xustificación social da desorde. Traballa a prol de, e en función dun dispositivo colectivo e dinámico que desenvolve a súa investigación dentro do social en tódalas súas variantes devolvéndolle a sociedade o que tirou dela.

De entre tódolos proxectos en fase de funcionamento ofrecemos e presentamos un obradoiro dirixidos a un amplo espectro de xente, que pensamos pode ser de interese e que explicamos a continuación.

Comunidade dixital aberta
<http://proxectoderriba.org>
info@proxectoderriba.org

Concepto

As transformacións do discurso político logo das revoltas globais.

A política, o político, non é un territorio ben delimitado; senón un espazo agonístico no que as súas redefinicións discursivas son xa accións políticas, e a inversa. Na esixencia de atender aos nosos contextos concretos e repensar, dende unha teoría sempre situada, os lazos entre as palabras e as accións, propoñemos neste obradoiro un percorrido polos diversos efectos que as revoltas inda en proceso están a ter no xeito de facer e pensar a política nun momento de fin de ciclo e mutacións globais. Como pensar a relación entre corpos, accións e discursos na era das mallas sociais? Que implican os procesos de resignificación para termos como “democracia” ou mesmo “política”? Que impulsa a xente a saír a rúa co obxectivo de tornarse en axentes dun cambio social? Como contestar a legalidade dende unha xustiza que deslexitima os poderes de feito? Que pode facer unha multitude que se quere constituínte para arranxar as diferenzas sen abolilas? Que implica para o campo enteiro das nosas posibilidades e desexos a irrupción do común como acontecemento? Esas liñas diversas, que non tentan esgotar o obxecto, propóñense como outras tantos percorridos polos que pensar entre todos o que está a acontecernos. Este obradoiro, que se pretende un camiño de ida e volta entre a tradición filosófica recente e a nosa artefactualidade, vai dirixido a calquera que queira participar nun proceso común de pensamento.

Obxectivos

- Trazar unha panorámica xeral da nosa actualidade poñéndoa en relación co pensamento filosófico recente.
- Pensar o xeito en que se institúe ou constitúe a realidade como un proceso dinámico de discursos e accións.
- Detectar e prever condutas ideoloxizadas froito de determinados posicionamentos políticos.
- Debater da man de investigadores cualificados as cuestións máis delicadas da situación política e filosófica actual.
- Favorecer o diálogo interdisciplinar entre afeccionados e especialistas en distintas materias de ciencias sociais.

Contidos

01. O afecto indignado e outro desexo.

Que lle sucede a unha sociedade cando ela mesma deixa de poder crer na solvencia do seu modelo? Cales son os factores que determinan aos suxeitos a mobilizarse, a estoupar ou a calar? É necesario formularse estes aspectos para poder entender cales son os erros do noso paradigma social e que podemos facer para mudalo.

Desexar outra cousa e, sobre todo, desexar doutro xeito poder ser a chave (ontolóxica e) política.

Imparte: **Rebeca Baceiredo** (1979) é licenciada en Xornalismo (2001) e doutora en Filosofía pola USC (2011) cun traballo sobre a onto-ética en Gilles Deleuze. Publicou os ensaios *O suxeito postmoderno. Entre a estética e o consumo* (Galaxia, 2005) e (*repeat to fade*) (Estaleiro, 2011).


02. A policía na democracia.

Con ese título trataríase -partindo das teses políticas do filósofo francés Jacques Rancière- de analizar a actuación política no contexto da actual democracia neoliberal. Neste contexto faise pertinente distinguir entre a "policía", xestión das poboacións e dos recursos, e a "política", situando nesta última unha noción radical de "democracia" irredutíbel ao modelo neoliberal, cuxos procesos de resignificación foron claves nas revoltas do 2011.

Imparte: **Brais González Arribas** (Ourense, 1980) é licenciado en Filosofía pola USC (2003) é doutorando do Departamento de Filosofía da UNED, ademais de ter realizado estudos de Psicoloxía. Actualmente é profesor de Filosofía no IES de Arteixo. Entre as súas publicacións cabe destacar o ensaio *Outro xeito de ser* (Estaleiro editora, 2010).

03. Redes de comunicación e contradiscuso(s): autonomía e enunciado no conflito social.

A proliferación e espallamento dos novos dispositivos de comunicación a partir da masificación no acceso as redes de datos, comeza a amosa-la súa potencialidade enunciativa nos acontecementos políticos recentes. Este módulo propón



unha abordaxe sistemática das mutacións que podemos observar nas dinámicas de produción significativa, sobre os seus efectos na produción do imaxinario social que se concreta nunha certa "realidade", e as capacidades de impacto sobre procesos políticos reais. Analizamos a apropiación dos medios de produción significativa como paradigma político e motor de transformacións cara unha democracia (directa) global.

Imparte: **Daniel Fernández** (Ourense, 1979) é licenciado en Filosofía pola USC (2002) e Master en Xestión Cultural na Universidade Carlos III de Madrid (2007), actualmente prepara o seu doutoramento sobre novos medios no departamento de filosofía da U.N.E.D en Madrid. Foi mediador cultural no Medialab-Prado (2007), no Centro Cultural de España en México (AECID, onde entre outros proxectos tiña o seu cargo o laboratorio do Procomún, e no departamento de produción plataforma0 de LABoral (Xixón); nestes momentos traballa en xestión de contidos no EOI.

04. Desobediencia civil.

O movemento 15 M desafia —antes que a unha forma de goberno determinada— a un estado de conciencia xeral caracterizado tanto polo letargo aciago coma polo malestar da sociedade civil. Moitas veces os seus fluxos e refluxos traballan nas marxes da legalidade. Outras moitas débúxanos.

Imparten:

Delmiro Rocha (Salceda de Caselas 1980). Licenciado en filosofía pola USC, e doutor europeo pola UNED e a *Université Charles de Gaulle Lille 3* (Francia) cunha tese sobre o concepto de soberanía en Jacques Derrida, en proceso de publicación. Membro do grupo de investigación *Deconstrucción* (UNED) e do seminario de investigación *Decontra*. É tradutor ao castelán, xunto a Cristina de Peretti, dos seminarios de Jacques Derrida *La bestia y el soberano I y II*. Entre as súas numerosas publicacións cabe destacar, en galego, o libro *Deconstrucións: unha volta a Jacques Derrida* (Estaleiro editora, 2011).

Francisco J. Rey (Salceda de Caselas, 1983). Licenciado en Dereito pola USC (2009). Actualmente está preparando oposicións para o ingreso no Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia. É o xuíz de paz titular de Salceda de Caselas.

05. O acontecer do común.

No “acontecer do común” trátase de pensar a revolta como un acontecemento, que ten o seu fundamento na reivindicación dunha concepción do común que está en perigo polas derivas neoliberais actuais e que trata de taponar os fluxos de desexo que pivotan ao redor dese común, que funciona como un punto de condensación e que pode servir así mesmo como punto de resistencia.

Imparte: **Abraham Rubín** (Ourense, 1978). Licenciado en Filosofía pola USC, é investigador do departamento de filosofía e filosofía moral e política da UNED, onde prepara a súa tese sobre as repercusións políticas do postestruturalismo. Membro do Seminario de Investigación Permanente *Decontra* e da *Universidade Invisible*. Publicou o ensaio *Toni Negri: da revolta italiana á potencia da multitude* (Estaleiro editora, 2010) e *Fredric Jameson, entre postmodernidade e utopía* (Estaleiro Editora, 2010); ademais de numerosos artigos en distintas revistas de pensamento. É profesor de ensino secundario da Xunta de Galicia.

06. Outra política: lingua, poder e as diferenzas.

Como se pode artellar un movemento dende a asunción radical das diferenzas? Como concibir o común sen que sexa nin un punto de partida nin o termo dun proceso? É o antagonismo “o real” ou o fóra do espazo político? As actuais revoltas -e moi especialmente o chamado 15M- mostraron a relevancia, mesmo a necesidade, dunha acción política dende a diferenza irreductíbel, pero isto non tivo lugar sen conflito. É o consenso o ideal regulativo da praxe política? Como pensar a acción común fóra da racionalidade comunicativa? Neste módulo intentara percorrerse, dende os textos producidos polo propio movemento e certos autores xa clásicos da teoría contemporánea, a complexa heteroxeneidade do común e o necesario artellamento das diferenzas irreductíbeis.

Imparte: **Beatriz Blanco** (1980). Licenciada en Filosofía pola USC (2003) e doutora europea pola UNED cunha tese sobre a indecidibilidade do resto e o traballo de dó na obra de Jacques Derrida. Realizou estancias de investigación en París (Palais de Tokyo) e en California. É membro do seminario de investigación permanente *Decontra*. Actualmente está preparando unha monografía sobre a filósofa Judith Butler.

Metodoloxía

Dado que neste obradoiro trátase de pensar o noso aquí e agora nas súas facianas diversas propoñemos unha metodoloxía participativa que comparta a crenza en que as realidades sociais e as súas conceptualizacións son un proceso de traballo colectivo onde se constrúe en común. Non se trata polo tanto de partir dunha exposición fechada e comúncala como saber, senón de tentar ir producindo entre todos ese saber como proceso de participación cada vez máis inclusiva. Para isto os poñentes proporán unha serie de materiais que serán analizados entre todos, partindo do suposto de que ningún suxeito ten o coñecemento en monopolio.

Temporalización.

Cada un dos módulos que compoñen o obradoiro propónse como unha sesión de traballo de dúas horas de duración. Ditas sesións poden ser explicadas de xeito intensivo, como un obradoiro de dúas semanas, ou extensivo, unha ou dúas sesións ao mes durante varios meses, segundo as necesidades do centro.

Contacto.

info@proxectoderriba.org
telf. 649269110

© ⓘ Organiza: Proxecto Derriba



<http://proxectoderriba.org>

© Deseño e maquetación: Izaskum Mardaras

© Ilustracións: Sao Torpez